

CONVOCATORIA ELECTORAL REPRESENTANTES DOS MÚSICOS:

A xunta directiva da Asociación Cultural MUSIVAL, sita no concello de Valga (Pontevedra), e que ten como un dos seus cometidos a xestión da Banda de Música Municipal de Valga, convoca mediante este documento uns comicios para elixir tres representantes dos músicos da antedita agrupación.

Coa convocatoria destas eleccións, é desexo desta asociación facilitar a conexión bidireccional entre os directivos e os músicos, o que tenderá a redundar nun beneficio común á hora de emprender novas metas ou consolidar algún dos vellos pero exitosos, proxectos anteriores.

Nos seguintes apartados, relaciónase todo o referente ós postos a cubrir, así como a normativa electoral a seguir para culminar o proceso electoral.

1. Os electores:

Poderán participar, e polo tanto depositar o seu voto todos aqueles músicos que se atopen inscritos no censo electoral, á sazón, o listado de compoñentes utilizado para o control de asistencia ós ensaios.

2. Os elixibles:

Para poder optar a un dos tres postos convocados, a Xunta Directiva establece como necesario dous requisitos previos: estar inscrito no listado citado anteriormente, e ter cumpridos os 16 anos cando menos o día anterior á votación.

Non poderán optar a estes postos aqueles músicos que xa estean presentes na xunta directiva de MUSIVAL, ou aqueles que xa cumpriran o cupo marcado no apartado 4.

3. As funcións do cargo:

As tres persoas que resulten vencedoras nesta convocatoria electoral, recibirán o nomeamento como representantes dos músicos da Banda de Música Municipal de Valga, e polo tanto, serán estes os que comparezan diante da Xunta Directiva de MUSIVAL para a solución de aqueles temas que non requiran a participación de todo o colectivo.

Os devanditos representantes pasarán a formar parte dunha comisión da xa citada asociación cultural, na cal, se traballarán asuntos nos cales se vexan implicados os intereses dos músicos: cea de Santa Icíá, grupos de carga e descarga, elaboración do Réxime de regulamento interno, asuntos de vestiario, faltas de asistencia a ensaios... Cabe dicir tamén, que esta comisión verase completa coa participación do director da citada agrupación xunto cun dos directivos de MUSIVAL.

As achegas que realicen no seo desta comisión, os tres representantes a elixir, non terán ningún tipo de validez executiva posto que se establece que o seu carácter sexa consultivo. Deste modo, os ditames que elaboren axudarán á Xunta Directiva a desenvolver as súas tarefas pero nunca será obrigatorio o seu cumprimento.

Se coa creación desta representación se pretende achegar o traballo da directiva ós músicos, é dicir, de arriba a abaixo, tamén se espera que funcione de abaixo a arriba e deste xeito, os músicos lles fagan chegar á xunta, a través destes mediadores, as súas peticións, desexos...

Xa por último, unha das principais labores deste grupo será a de fomentar a difusión do nome e marca BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE VALGA a través dos diversos medios, comezando pola rede internet: youtube, facebook, tuenti, web...

4. Duración do mandato:

Establécese que o representante elixido ostentará o seu cargo ata que se produza o seu cese voluntario ou chegue o momento no cal, a Xunta Directiva se renove totalmente, é dicir, cando se convoquen eleccións á totalidade da mesma, tanto sexa por fin do mandato (4 anos) como por mor dunhas eleccións anticipadas.

Tamén neste apartado, se establece que un representante dos músicos pode ostentar o cargo un máximo de 2 mandatos consecutivos (máximo 8 anos), aínda que de cumprir este cupo, sempre se poderá volver a presentar se deixa pasar un mandato polo medio.

Nos casos de cese voluntario non se prevén eleccións anticipadas salvo que queden vacantes dúas prazas ou a totalidade das mesmas, de producirse este feito, convocaríanse uns novos comicios para cubrir só as prazas vacantes pero o mandato destes expiraría ó rematar o da Xunta Directiva, dando igual que non chegasen a extinguir os 4 anos totais.

5. Prazos da convocatoria electoral:

5.1. Como presentar a candidatura e prazo para facelo:

Todos aqueles músicos que reúnan os requisitos mencionados no apartado 2 e desexen participar como candidatos nestas eleccións, non terán máis que solicitar un impreso (anexo I desta convocatoria) na oficina, cubriilo e presentalo xunto cunha copia do D.N.I. antes de que remate o prazo o día 20 de setembro ás 20:30 horas.

A solicitude entregárase cuberta na oficina para que sexa rexistrada e logo fotocopiada, copia que se lle entregará ó solicitante.

Esta convocatoria realizarase polo sistema de listas abertas polo cal cada solicitude será individual.

5.2. Proclamación definitiva de candidatos:

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e tralo exame de cada unha, realizarase a proclamación definitiva dos candidatos, é dicir, aqueles que cumpran tódolos requisitos solicitados (apartado 2).

De darse o caso de que só haxa tres candidatos, ó haber só tres postos serán xa os vencedores dende ese momento, anulando así todos os sucesivos actos electorais, ós que se refire a presente convocatoria. Deste mesmo xeito, de ser o número de candidatos definitivos inferior ó número demandado, é dicir, tres, os postos que resten por cubrir sortearanse ó azar entre os músicos da banda que cumpran coas características que demanda o apartado 2, sen posibilidade de recurso ante a súa elección ou, a directiva da Asociación Cultural Musival

resérvase o dereito a cancelar a totalidade da convocatoria electoral e buscar outras solucións aínda este proceso poida supoñer a paralización administrativa de gran parte do labor desta asociación.

Todo candidato poderá retirar a súa candidatura dende o momento en que sexa proclamado definitivamente ata o último día da campaña electoral (26 de setembro ás 21:00), para tal fin dispónse do Anexo II a esta solicitude que terá que cubrirse e entregarse na oficina para que se proceda ó seu rexistro. O feito de darse de baixa como candidato unha vez xa proclamado non lle repercutirá en ningunha sanción, tendo só como único efecto o de deixar de contar para a carreira electoral.

5.3. Campaña electoral:

O día seguinte á proclamación definitiva de candidatos dará comezo a campaña electoral, durante a cal os mesmos poderán buscar o voto dos seus compañeiros (sempre dentro da máis absoluta cordialidade, respecto... e sen alterar o espazo público que a banda ocupa, é dicir, non se realizarán pintadas, non haberá carteis...).

A campaña electoral rematará ás 21 h. da véspera do día das eleccións (venres 26 de setembro), posto que se reservarán as horas previas ó depósito do voto nas urnas como xornada de reflexión.

5.4. Xornada electoral:

A xornada electoral terá lugar o día 27 de setembro comezando ás 20:00 e rematando ás 20:30. As votacións quedarán reguladas polo apartado 6.

6. A votación:

6.1. Sistema de votación:

O día das votacións os electores que desexen exercer o seu dereito ó voto deberán ir á sala habilitada para tal fin, durante as horas establecidas, e alí recoller a papeleta (como cubrila, ver apartado 6.2.) para logo depositala na urna.

Non se permitirá o voto por correo nin o voto delegado, é dicir, só poderán votar aquelas persoas inscritas no censo electoral, e estas ademais deberán facelo directamente o día xa sinalado.

6.2. As papeletas:

Os nomes dos candidatos figurarán, en orden alfabético, nunhas papeletas, ó lado, duns cadros en branco.

En cada papeleta marcaranse tres nomes (usando o recadro branco que hai ó seu lado) cos números 1, 2 e 3 en orde de preferencia (enténdese o número 1 como de máis valía e así sucesivamente).

De non marcar ningún contarase esa papeleta como voto en branco, do mesmo xeito que marcar máis ou menos de tres nomes, escribir outras cousas que non sexan eses números anteriormente mencionados ou introducir a papeleta rota ou en malas condicións na urna, fará que se conte como voto nulo.

6.3. A mesa electoral:

Para controlar o censo electoral e o transcorrer da xornada electoral establécese unha mesa electoral formada por dous membros da directiva de MUSIVAL, un dos cales será sempre o seu presidente ou en quen este delegue, xunto con dous músicos da banda, maiores de 16 anos (que non sexan candidatos a estes comicios nin directivos da asociación) escollidos ó azar o mesmo día no que se proclamen os candidatos definitivos.

6.4. O reconto:

Unha vez finalizado o prazo horario para votar, ou no caso de que todo o censo xa votara, procederase ó reconto dos votos emitidos, o cal se celebrará a porta pechada permitíndose só a entrada dos candidatos e dos membros da mesa electoral (apartado 6.3.).

Á hora de realizar o reconto entenderase que as marcas nas papeletas, tanto sexan un 1 como un 2 ou 3 contarán como un voto para ese candidato que as recibira.

Trala realización do reconto os tres candidatos máis votados serán proclamados vencedores.

De producirse un empate entrarán en xogo os números e así aquel dos dous candidatos igualados que recibise máis uns será o vencedor, de persistir o empate usaranse os douses e así logo cos treses. No hipotético caso de que se manteña o empate, a disputa resolverase mediante o azar.

6.5. Proclamación de gañadores e publicación de actas:

Tralo reconto procederase a proclamar os vencedores dos comicios e á publicación das actas co resultados obtidos, poñendo fin a tódolos puntos que en materia electoral toca esta convocatoria.

7. Disposición adicional:

A participación nesta convocatoria, implica a aceptación total das regras establecidas neste documento.

8. Disposición derradeira:

MUSIVAL desexa que os músicos que se presenten á estes postos o fagan con ánimo de participar e traballar a prol do futuro da banda de música, así como que a carreira electoral sexa limpa.

Do mesmo xeito, tamén espera que os electores participen masivamente posto que están a escoller os seus representantes, e que unha vez que a escolla finalice colaboren con eles para sacar adiante cada día máis proxectos comúns.

En Valga a 20 de agosto de 2014

Asinado:

José Manuel Fariña Jamardo, Presidente de MUSIVAL.

ANEXO I:

Modelo de inscrición de candidatura na convocatoria electoral a representantes da banda de música:

Eu músico da Banda de Música Municipal de Valga con D.N.I. nº , solicito, a miña inscrición como candidato ó proceso electoral vixente para representantes da banda de música.

Do mesmo xeito prometo firmemente que cumpro cos requisitos establecidos no apartado 2 da convocatoria vixente.

En, o día de de 2014

Asinado:

ANEXO II:

**Modelo de impreso para causar baixa como candidato unha vez xa
proclamado definitivamente:**

Eu
músico da Banda de Música Municipal de Valga con D.N.I. nº e
candidato proclamado para a convocatoria electoral vixente, decido libremente dar-me
de baixa como candidato dentro dos prazos previstos e tal como recolle a lexislación
da propia convocatoria.

En, o día de de 2014

Asinado: